



Cando a lingua late poesía. Entrevista a Anxo Angueira

María Sonia Cruz Pérez¹

Neste encontro, temos o privilexio de conversar con Anxo Angueira, unha das figuras máis destacadas da literatura e da cultura galega actual. O escritor, poeta e docente comparte connosco reflexións sobre a súa traxectoria, o seu compromiso coa memoria colectiva e as raíces culturais, e a súa visión sobre a evolución da poesía e da literatura galega. Desde a infancia en Manselle ata o labor como presidente da Fundación Rosalía de Castro e o ingreso na Real Academia da Lingua Galega, percorremos unha vida dedicada á creación, á investigación e á defensa do noso patrimonio cultural. Unha conversa alentadora que nos achega á esencia dun creador que fai do diálogo entre pasado e futuro, entre local e universal, o alicerce do seu traballo. Benvidos a este encontro coa palabra, coa memoria e coa esperanza.



Hoxe temos a oportunidade de estar en Padrón, na Casa de Rosalía de Castro, nun entorno único que respira historia e cultura. Gracias Anxo por recibirnos.

—Comezar pola infancia é fundamental para entender a túa traxectoria. Cales son os significados que memoria, resistencia e alegría teñen para ti, e como se reflicten na túa vivencia en Manselle? Como reflicten en ti e na túa obra as túas orixes?

O lema, resistencia e alegría puxémosllo ao festival que realizamos na aldea, o “festivalo”. A memoria completa este trío e tamén é un concepto clave tanto para a dinámica que concibo

no traballo, como na literatura e na cultura. Si, creo que é un resumo axeitado. A miña infancia desenvolveuse na aldea de Manselle. Aos 10 anos, fun vivir a Padrón durante a semana, pero as fins de semana volvía á aldea. Era a típica infancia dun meniño do rural, traballando coidando vacas, sachando, indo á leña ou ao molime polos toxos. Porén, algo que me marcou profundamente foi a presenza do río Ulla, que desde a miña aldea se vía ao lonxe, polas brañas, e ao que os vellos chamaban “o mar”. Naquel momento non era consciente do impacto que tiña en min, pero co tempo decateime de que me influíu de xeito extraordinario, mesmo na miña obra. Desde a casa, a horta ou a escola, sempre

¹ Universidade de Vigo / Universidad Complutense de Madrid, Centro de Estudos Galegos.
Correo-e: mariascr@ucm.es.

tiña o río como referencia. Vía os barcos reais que pasaban e, tamén, os da miña imaxinación, alimentados polas historias dos veciños sobre as embarcacións. Mesmo no campo de fútbol ou no monte, aquelas vistas do río formaban parte de todo. Reflexionando anos despois, percibín que case todo o que escribín está impregnado desa presenza, sexa como alusión ou como protagonista, como en *Iria*. Pero tamén aparece en *Pensa Nao* ou en *O valo de Manselle*. Sempre está presente ese espazo, ese mundo do mar que entra na terra, que sobe e baixa coas mareas, coas embarcacións.

—Cando falas do mar que marcou a túa infancia, referíreste máis ao concepto de ría ou de río? Como se conecta esa experiencia coa paisaxe e coa vida comunal de Manselle?

Si, máis ben o concepto de ría, a ría de Padrón, como lle chamaban. E tamén a paisaxe da praia, que coñecín desde a infancia, e era un territorio comunal onde a herba era un ben compartido por todos. Recordo ir coa miña irmá co carro de vacas para recoller herba, algo que me marcou moito. Ademais desa experiencia paisaxística, impactoume a dinámica comunal, ese esforzo colectivo que se vivía na aldea; a malla, que vivín de primeira man; as restrebas, cando todos nos axudabamos nas segas; ou mesmo a limpeza dos regos da estrada, que mantiñamos entre todos. Porque Manselle tiña unha estrada que entre todos mantiñamos. Outra pegada profunda foi a memoria da aldea, especialmente no aspecto social e político. Manselle fora un lugar destacado antes da Guerra Civil, con migrantes retornados de América que trouxeron cartos e ideas innovadoras, como montar unha cooperativa láctea. Moitos deles eran republicanos e laicos, pero tiveron que marchar nos anos trinta. Unha desas persoas era da miña familia. Aínda que non se falaba abertamente da guerra, eu fun descubrindo ese contexto por outras vías. Esa memoria, non tanto dos traballos marítimos, senón a memoria política e social, foi fundamental para min, especialmente en asuntos literarios.

—Cando descubriches a paixón pola escritura? Foi algo que tiñas claro dende novo ou foi un proceso gradual?

A min gustábame moito ler, incluso antes de ir para Padrón. Na miña casa non había libros, pero existía a literatura das cartas. A miña primeira literatura foron as cartas de América. Todos os irmáns da miña nai estaban emigrados, e eu lía-lle as cartas a ela ou mesmo

escribíallas. Despois, levábaas a Cela para que corrixisse algunha cousa. Esa foi a miña primeira relación coa escrita. Gustábame moito ler, mesmo na escola primaria. Lembro ter colli-do Hamlet de Shakespeare, pero non entendía practicamente nada. Cando cheguei a Padrón, tiveron a fortuna de acceder a unha biblioteca que, aínda que non era miña, estaba na casa onde vivía. Pertencía a Xosé Luís Cristovo, irmán do meu cuñado, un estudante de Filosofía e Letras. Era Xosé Luís Cristovo, que era irmán do meu cuñado ou cuñado da miña irmá. El vivía nun cuarto pequeniño onde non cabía mais que un catre e con libros todos ao redor das paredes. Aquilo para min era un paraíso para poder ler e curiosar. Alí lin a Manuel Antonio, na edición de García Sabell, as poesías e tamén a súa correspondencia. Lin *Con pólvora e magnolias*. Tamén lía a Moravia, Cela, Valle-Inclán, Torrente Ballester, e moitos outros. Tiña alí libros do Ruedo Ibérico e tamén revistas. Cando el tivo que marchar e deixar os estudos, a biblioteca quedou case exclusivamente para min. A súa influencia foi enorme. Aínda que era dunha xeración anterior á miña, convivir con alguén apaixonado pola literatura e pola escrita marcoume profundamente. Ao mesmo tempo, no instituto, fun alumno de Bernardino Graña, cuxa presenza tamén foi determinante para min. A lectura e a escritura empezaron a ser unha paixón. Máis a lectura que a escritura. O de escribir foi madurando pouco a pouco.

—Se tiveses que escoller unha ou dúas figuras fundamentais desa época, desas lecturas, quen dirías que máis influenciou en ti? Que foi o que espertou algo especial en ti a través da súa obra?

Unha figura que me marcou profundamente foi Frei Luís de León, a quen descubrín con 15 anos no instituto. A súa lectura entusiasmo-me. Máis adiante, Martín Santos tamén deixou unha fonda impresión en min, especialmente porque eran lecturas do programa escolar que me abriron portas a outros mundos. Pero tamén houbo lecturas que descubrín pola miña conta, na biblioteca da casa onde vivía en Padrón. Recordo a Manuel Antonio a Luisa Cuña o libro *Con pólvora e magnolias*. *Con pólvora e magnolias* ademais era o obxecto, o xeito en como era o libro, como era o papel, como era a tipografía. Iso a min marcoume. Ese libro foi fundamental. Outro momento fundamental chegou nunhas vacacións en Bilbao, cando tiña 16 anos. Alí descubrín a Rosalía de Castro en profundidade. Xa antes coñecía algúns

poemas soltos, como os da estatua do Espolón de Padrón que lía camiño da escola. Pero foi en Bilbao, na mesiña de noite do meu irmán, onde lin *Cantares gallegos*. O meu irmán, emigrado nun barrio obreiro, tiña ese libro supoño como signo de saudade. Lin a Rosalía enteira, e entendín que aquel libro era un símbolo cultural potente. E percibín tamén por que aquel libro estaba alí, en Bilbao, nun barrio obreiro. Os meus irmáns tiñan ese signo cultural potente. Entendín a Rosalía como un signo. O que estaba no Espolón con toda esa honra, con toda esa grandeza que tiña aquela estatua, naquel lugar emblemático. Nos estudos universitarios non tiven a fortuna de recibir formación en Rosalía. Eu descubrín a Rosalía sendo profesor. Foi cando, á hora de compartila co meu alumnado, indaguei e descubrín, fun achegando á dimensión da súa literatura fóra desas cousas máis simbólicas. Entón a clave foi o ensino. E a distancia que había entre os libros de texto e toda a tópica que se dicía sobre a súa obra, e o que en realidade había na súa obra. Aí descubrín tamén a miña vocación, en certo sentido, de crítico, a miña necesidade como profesor, de que os alumnos e as alumnas tivesen outro material distinto. Que houbera outro discurso sobre Rosalía. E por iso empecei tamén a facer artigos de investigación sobre Rosalía.

—Como docente e investigador, a túa traectoria destaca polas revisións críticas da historiografía literaria galega. Que motivos che levaron a cuestionar esta tradición, especialmente a perspectiva que tiñamos do Rexurdimento?

No caso do Rexurdimento, e particularmente con Rosalía de Castro, sentía unha enorme necesidade como docente, especialmente no traballo co alumnado. Non existían edicións axeitadas, e os libros de texto non ofrecían un coñecemento válido para transmitir a verdadeira dimensión da súa obra. Mesmo a percepción xeral sobre Rosalía e a historia da literatura estaba atrapada en tópicos. Ese é, para min, un dos maiores problemas que temos en literatura, repetir o que outros dixeron. Non achegarnos cos nosos propios criterios para ler os textos e interpretalos. Repetimos o que outros dixeron coma se fose xa unha gran verdade. Porque esa gran verdade que funcionou nun tempo agora xa non é gran verdade. Vemos as cousas doutra maneira. Ou aqueles prexuízos que había non son os nosos prexuízos de hoxe. Pero non podemos repetir os tópicos nin con Rosalía, nin con Sarmiento, nin con ninguén.

—O labor non quedou na docencia. Como presidente da Fundación Rosalía de Castro, entendo que ese traballo se magnificou nese momento. Pensas que a xente está a ver a Rosalía doutra maneira, con outras lentes?

Eu creo que si, aínda que, obviamente, non é responsabilidade unicamente miña, pero que a percepción de Rosalía mudou está claro. É un traballo de moita xente. Eu, de modo individual, e tamén aquí desde a Fundación, tentamos contribuír a mudar os seus grandes perfís e a proxectar a súa figura máis aló das nosas fronteiras. Un dos nosos horizontes aquí na Fundación é a internacionalización de Rosalía. Recentemente organizamos actos no Porto, un primeiro paso importante ao comezar por Portugal. Pero queremos ir máis aló, Rosalía precisa ser coñecida tamén no mundo anglófono, no francófono e incluso no oriental. Hai traducións ao xaponés, e coa recente irmandade de Padrón cunha vila xaponesa, ábrese unha oportunidade para que Rosalía chegue a novos públicos. Trátase de establecer un diálogo cultural, así como nós recibimos produtos culturais deses países, eles tamén deben coñecer unha figura que é un referente fundamental da nosa cultura. Hoxe en día, creo que os grandes perfís de Rosalía son os dunha autora contemporánea, perfís vivos que a fan viva, nós facémola viva. Esa Rosalía feminista, esa Rosalía social que está contra a exclusión, que defende aos humildes, esa Rosalía que tamén é pioneira na visión ecolóxica dun mundo de dignificación, dun mundo botánico, dun mundo vexetal. A Rosalía que xa o dixo ela, en *Lieders*, nese manifesto da vida humana. É dicir, independencia, liberdade e igualdade. Eses principios son contemporáneos, serven para Galicia e serven para o mundo.

—No ámbito da narrativa, obras como *Pensa Nao* e *Iria* amosan unha conexión moi profunda co territorio. Falabamos antes do río e da natureza. Cres que esa memoria colectiva e ese activismo cultural son fundamentais na túa narrativa e na túa obra en xeral?

A memoria necesita un motor que é o que a activa. Quizais sexa unha necesidade ou un horizonte. Eu non quero facer arqueoloxía ca memoria, pero é necesario cavar. *Digging*, como dicía Seamus Heaney nun poema. Hai que cavar, pero non simplemente para crear un museo coas cousas que extraes do pasado, cos recordos, coas lembranzas, senón que eses obxectos que ti sacas á superficie da fosa común do tempo tamén sirvan, que sexan útiles.

Que sexan instrumentos para traballares no teu presente e no futuro. Cando escribín *Pensa nao*, deime conta que a miña visión sobre o pasado do campo, sobre os grandes perfís dos labregos galegos, era falsa. Esa idea de que os labregos galegos eran alérxicos ao asociacionismo era mentira. Os labregos galegos alérxicos as innovacións técnicas, mentira. A memoria oral foi fundamental nese proceso. Non só a historia escrita, senón tamén as voces dos meus veciños, permitíronme descubrir que había innovación, que existía unha vontade de asociarse e de crear cooperativas. Iso é unha arma moi poderosa. Saber iso é un instrumento valiosísimo para tamén encarar o teu presente. Así é como nace *O valo de Manselle*. Non é unha obra narrativa, pero é unha obra literaria, unha poesía. Porque aí hai unha memoria tamén detrás de cada casa, de cada individuo. Hai unha memoria que sabe que hai traballos que se fan comunalmente. Esa memoria non é para arquivar, é para usar.

—Por que consideras *Bretaña Esmeraldina* unha obra tan esencial dentro do conxunto da literatura de Ferrín?

Acabo de ler recentemente os comentarios para esa obra, pero en xeral é unha obra que non tivo moi boa crítica, nin é moi lida nin valorada no conxunto da obra de Ferrín. Ademais, Ferrín tampouco é considerado un bo novelista; como contista si, está claro. Obras como *Arraianos*, *Crónica de nós*, *Elipsis e outras sombras*, ou *Percival e outras historias* son moi recoñecidas. Pero as novelas de Ferrín non foron tan ben valoradas. E para min esa era unha novela extraordinaria, unha novela difícil. Empreguei a tese de doutoramento como un instrumento para eu descubrir todas as profundidades e poder explicar por que a min me gustaba *Bretaña Esmeraldina*. Quería analizala a fondo, desde un punto de vista narratolóxico, para intentar desentrañar as súas claves, non só técnicas, senón tamén a súa poética. Fixen a tese para unha cuestión persoal de descubrireme a min mesmo por que me gustaba tanto aquela obra. E tamén por unha cuestión que ten que ver co campo literario, para tentar demostrar que era unha obra poderosa en todos os sentidos. No aspecto literario e no aspecto político. É unha obra que fala do independentismo, que era un movemento naqueles anos incipiente. Unha das cousas que me descubriu esa obra foi outra moita literatura. Eu xa lera a Cunqueiro e esa obra ten moito Cunqueiro. Eu xa lera a saga *La saga / fuga de J.B.*. Pero a

través desta novela descubrín, por exemplo, a Jack London. Entón, lendo esa obra, les tamén moitas das lecturas de Ferrín, que teñen un universo de relacións interliterarias. Iso para min é apaixonante.

—As túas obras tamén abren múltiples portas para o diálogo con outros textos e ideas. Como cres que evolucionou a túa poesía desde os primeiros traballos ata *Palmeiras, piueiros*?

Para min, como poeta, houbo unha mutación enorme con *O valo de Manselle*. Esa obra modificou a miña forma de encarar o acto poético, o estilo e a confección da poesía. En comparación con traballos anteriores, como o *Val de Ramirás*, empecei a utilizar recursos, empecei a utilizar fórmulas e tamén modifiquei a miña forma de falar e de recitar en público. Eu recitei *O valo de Manselle* con seseo e con gheada no ano 1996. Foi unha nova concepción de poesía, unha nova concepción de lingua. Isto tamén está un pouco en *Pensa Nao*. Romper cos dogmatismos normativos, darlle forza a unha lingua máis viva, de referentes vivos. E recitando igual. Daquela ninguén recitaba así, con seseo e con gheada. Era unha forma de declamación moi distinta. Agora xa se ven máis *performance* de memoria. Eu recitaba moitas veces de memoria, algo que hoxe en día é máis habitual, pero que naquela época era novidoso. En min houbo un cambio asociado a unha ruptura tamén con esa poesía máis dos 80. Despois viú *Fóra do Sagrado* cun poema que é un canto a Vigo e que tamén estaba nesa liña. E no 2022 este último, *Palmeiras, piueiros*. Eu non teño moita produción poética en relación a outra moita xente que publican moitísima poesía ou só fan poesía, porque eu fago máis cousas. Tampouco teño a inqueda de estar aí escribindo seguido.

—Pasou bastante tempo antes de publicar o teu último poemario, *Palmeiras, piueiros*. Consideras que ese período foi unha etapa de maduración creativa?

Si, pasou bastante tempo, porque non son sistematicamente poeta. Teño outras ocupacións e responsabilidades: escribo novelas, artigos para os xornais, son docente e publico libros de investigación e ensaio. Todo iso inflúe no ritmo da miña produción poética.

—Entre as distintas facetas que desenvolves —poeta, narrador, investigador, docente—, en cal te sentes máis a gusto?

Síntome ben en todas. Cando teño algo que dicir ou algo que eu considere que sexa interesante para contar, encóntrome ben en todas. Porque eu tamén descubro. Eu son feliz descubrindo, investigando, creando. En poesía igual. Cando fas poemas, cando cantas aos teus veciños, todos eles traballando no való, é todo un orgullo. Por exemplo, tiven que escribir ese poema porque nun momento chamara aos xornalistas para que viñesen vernos e contar o que estabamos a facer: a construción dun muro comunitario, sen papeis, sen nada, de costas ao concello. Non era algo habitual, pero os xornalistas non me fixeron caso. Entón, tiven que escribir un poema para expresar iso. Escribo poesía cando a necesito, cando sinto que é necesaria para min. De maneira similar, *Palmeiras, piueiros* tamén chegou nun momento especial da miña vida. O mesmo pasou cando quixen, despois de varios anos vivindo en Vigo, escribir sobre esa cidade que amo. Ese sentimento de amor a Vigo converteuse nun longo poema de *Fóra do Sagrado*.

—En *Palmeiras, piueiros*, a morte da palmeira desatou un compoñente simbólico moi forte. Ves esa finitude como un reflexo máis amplo da rexión, da nación, da ideoloxía e da cultura?

A partir desa morte, desa extinción, xorden en min as ideas de finitude. Todo se acaba, todo morre, pero esta era unha morte na que me sentía moi implicado. Pero iso tamén me levou a ver as cousas doutra maneira. O piueiro, esta embarcación que se recuperou na Guarda, despois de máis de 100 anos de estar desaparecida, só se conservaba en fotografías. Foron capaces, os mariñeiros que estaban navegando por tódolos países, en tódolos mares pescando, de recuperaren o seu amor polo seu pasado, pola súa náutica tradicional, pola súa embarcación emblemática. E recuperar unha palabra, piueiro, que é deles. Unha palabra que non vén nos dicionarios, en ningún. Esa palabra estampárona co nome do barco e puxeron na vela a cara de Rosalía e o lema “eu son libre”. É un rexurdimento. Á beira da morte, da extinción e da finitude está tamén a idea de renacer, de rexurdir, de recuperar. É un libro que fala desoutras contradicións que temos na vida. A palmeira é algo exótico e, con todo, era unha bandeira para os veciños de Manselle. Non chorabamos, pero cando a Palmeira caeu con toda a súa forza na horta do señorito, bum!, abaneou os cimentos do noso corazón! E con todo, non era nosa, veu de fóra. Era estraña, unha estranxeira. Pero fixémosla nosa. E o piueiro,

que é unha palabra nosa, dos mariñeiros da Guarda, non está nos dicionarios. A nosa cultura náutica non forma parte da nosa simboloxía principal. Está o canastro, o hórreo, o arado, o carro. Pero as embarcacións tradicionais están un pouco excluídas do que representa a nosa cultura. O que é estraño facémolo noso e o que é noso témolo ás veces sepultado, esquecido.

—Compaxinas a faceta literaria, a docente, e o traballo cultural. Con tanto movemento, parece que estás todo o día para arriba e para abaixo. Como levas ese ritmo? Non paras?

Estou todo o día para arriba e para abaixo, pero estou feliz. Dedico moitas horas á Fundación Rosalía de Castro, como estás a comprobar. Moitas máis horas que á investigación e á creación. Intento compaxinar todo como podo. Teño a fortuna de ser un docente universitario. Fun moito tempo docente no ensino medio e era moito máis duro. O ensino universitario permíteme ter máis horas nas que podo dedicarme á Fundación Rosalía. Ao único que non dedico tempo como é debido é á creación. Tanto a investigación, a universidade, como os meus deberes aquí, na Fundación, roubanme tempo. Sei que as cousas que teñan que vivir chegarán. Encararémolas no seu momento, pero tampouco ando perseguindo ás musas por aí.

—No ano 2024 ingresaches na Real Academia Galega como membro de número, e o teu discurso foi sobre “A Poética da Luz”. Por que escolliches ese tema e como afrontaches ese momento tan especial?

Pensando sobre que podía escribir, decidín centrarme na literatura, que é a miña paixón. Dentro das miñas referencias literarias están Rosalía, Ferrín, o mar de Manuel Antonio, entre outras posibilidades. Observei que non había moitos discursos de ingreso sobre Rosalía, por tanto, tampouco estaba mal. Desde que asumín a presidencia da Fundación Rosalía, sempre pensei que había aspectos da súa obra que non se asociaban a ela tanto como merecían. Por exemplo, no meu primeiro ano como presidente, cando celebramos o Día de Rosalía, quixen que fose unha celebración alegre e decidimos facelo con “Alborada”, esa música tan chea de luz e esperanza. Contactamos coa Asociación de Gaiteiros e quedaron fascinados coa idea. A idea era saudar o día de Rosalía con alegría, ilusión, non como unha data fúnebre, senón como unha celebración da grandeza que representa. Sempre digo que é importante celebrar o que nos une, o que nos representa e o

que nos move. Rosalía móvenos, e que mellor que “Alborada” para representalo? Ese poema para min é extraordinario, e mesmo o incluíu nun proxecto musical, *Rosalía XXI*, con Abe Rábade e Guadi Galego, onde exploramos a súa obra en clave de jazz. Ao traballar co meu alumnado, descubrín aínda máis o potencial de Rosalía e, en particular, a clave é a luz que ten esta peza. Quixen tamén contrastala con outro gran poema, “A negra sombra”, xogando cos dous referentes, a luz e a escuridade. No meu discurso para a Academia, procurei demostrar como Rosalía soubo explorar estes dous aspectos na súa obra de forma extraordinaria. É unha contribución que ela fai á tradición literaria galega e que, en certo sentido, reflicte a propia historia de Galicia: un continuo intento por rexurdir, por espertar.

—Se tiveses que dirixir unhas palabras á xente nova que está aprendendo, estudando ou que sente inquedanzas literarias, que recomendacións lles darías? Que autoras ou autores da actualidade lles suxerirías explorar?

Actualmente existe un repertorio de posibilidades onde escoller, todas boísimas, en literatura, en música e en poesía especialmente. Non hai máis que ver os premios nacionais de

poesía que ten ultimamente a literatura galega. Eu creo que iso é un síntoma de que hai unha creatividade cultural en Galicia extraordinaria neste momento. Aquí, na Casa de Rosalía, temos en verán un festival, o *Abride a fiesta*, e por aquí pasan músicos e pasan poetas. E realmente, non te cansas de escotalos, é difícil escoller, porque saen cousas novas constantemente, renovación, e os vellos tamén se renovan. Con todo, tamén vivimos un momento complicado no que respecta á lingua, que é a base de todo. E alarmante mesmo. Nesoutro aspecto non podo recomendar nada concreto. Hai moitísimo no que mirarse e todo con ganas de romper que é o que hai que facer. Con ganas de avanzar, con ganas de non repetir o xa feito.

Moitas grazas Anxo por compartires connosco as túas reflexións e experiencias nesta entrevista tan enriquecedora. É un privilexio escoitar de primeira man a túa visión, o teu compromiso coa cultura galega e o teu amor pola literatura. Grazas pola sinceridade e polo tempo dedicado. Foi unha conversa inspiradora que, sen dúbida, deixará unha pegada fonda nos lectores. Moita sorte nos futuros proxectos e parabéns pola túa traxectoria.